Total SCI - MATEMATICAS	183	208	391	46,80%
Total SCI - HISTORIA Y ARTE	14	19	33	42,42%
Total SCI - FILOLOGIA Y FILOSOFIA	27	37	64	42,19%
Total SCI - FISICA Y CIENCIAS DEL ESPACIO	205	314	519	39,50%
Total SCI - BIOLOGIA MOLECULAR Y CELULAR Y GENÉTICA	302	518	820	36,83%
Total SCI - INGENIERIA CIVIL Y ARQUITECTURA	119	210	329	36,17%
Total SCI - GEOCIENCIAS	205	368	573	35,78%
Total SCI - QUIMICA	176	316	492	35,77%
Total SCI - INGENIERIA MECANICA, NAVAL Y AERONAUTICA	107	205	312	34,29%
Total SCI - FISIOLÓGIA Y FARMACOLOGÍA	155	308	463	33,48%
Total SCI - TECNOLOGIA QUIMICA	111	236	347	31,99%
Total SCI - MEDICINA	581	1.277	1.858	31,27%
Total SCI - TECNOLOGIA Y CIENCIA DE LOS MATERIALES	99	220	319	31,03%
Total SCI - AGRICULTURA	60	172	232	25,86%
Total SCI - TECN. Y CIENCIAS DE LA ALIMENTACION	34	103	137	24,82%
Total SCI - PSICOLOGÍA Y CIENCIAS DE LA SALUD	42	134	176	23,86%
Total SCI - BIOLOGÍA VEGETAL, ANIMAL Y ECOLOGÍA	145	538	683	21,23%
Total SCI - GANADERIA Y PESCA	26	167	193	13,47%
Total SCI - MULTIDISCIPLINAR	6	40	46	13,04%
Total general	3.177	5.854	9.031	35,18%

tipo-área	Suscritas	No suscritas	TOTAL	% suscritas
Total SSCI - INGENIERIA CIVIL Y ARQUITECTURA	7	5	12	58,33%
Total SSCI - INGENIERIA MECANICA, NAVAL Y AERONAUTICA	7	6	13	53,85%
Total SSCI - ECONOMIA	108	135	243	44,44%
Total SSCI - HISTORIA Y ARTE	24	34	58	41,38%
Total SSCI - GEOCIENCIAS	26	52	78	33,33%
Total SSCI - FILOLOGIA Y FILOSOFIA	25	67	92	27,17%
Total SSCI - CIENCIAS SOCIALES	173	489	662	26,13%
Total SSCI - FISIOLÓGIA Y FARMACOLOGÍA	8	27	35	22,86%
Total SSCI - PSICOLOGÍA Y CIENCIAS DE LA SALUD	113	424	537	21,04%
Total SSCI - MEDICINA	51	219	270	18,89%
Total SSCI - DERECHO	20	145	165	12,12%
Total general	562	1.603	2.165	25,96%

De esta táboa podemos sacar varias conclusións, como podemos ver a porcentaxe de cobertura na edición de ciencias (SCI), cun 35,18% e superior á de ciencias sociais (SSCI) cun 25,96%.

Tamén podemos observar as áreas Anep mellor cubertas pola colección de revistas electrónicas contratadas polo Consorcio no ano 2004, como por exemplo "Tecnología electrónica y de las telecomunicaciones", "Ingeniería eléctrica, electrónica y automática",

“Ciencias sociales” ou “Ciencias y tecnología de la computación” en Ciencias e “Ingeniería civil y arquitectura” ou “Ingeniería mecánica, naval y aeronáutica” en Ciencias Sociais, seis áreas nas que o Consorcio supera a contratación do 50% dos títulos incluídos no JCR.


Non obstante non nos podemos quedar nesta análise inicial, pois non reflexa realmente o valor dos títulos contratados en esa área.

Vexamos por exemplo o caso de “Ingeniería civil y arquitectura”, un área de Ciencias Sociais que consta de 12 títulos e na que o Consorcio ten contratados 7, isto representa o 58,33%. Se analizamos en detalle eses títulos podemos observar que dos 10 primeiros títulos, ordenados de maior a menor FI, o Consorcio subministra acceso a 7.

10 títulos con mayor factor de impacto. Suscritos: 7

	Issn	Título	Factor de impacto	Suscrito
1	0181-2815	TRANSPORT RES B-METH	1,158	elsevier
2	0001-4575	ACCIDENT ANAL PREV	1,075	elsevier
3	1361-9209	TRANSPORT RES D-TR E	0,911	elsevier
4	0965-8584	TRANSPORT RES A-POL	0,792	elsevier
5	0022-4375	J SAFETY RES	0,690	elsevier
6	0144-1647	TRANSPORT REV	0,628	título no suscrito
7	0022-5258	J TRANSP ECON POLICY	0,561	título no suscrito
8	1366-5545	TRANSPORT RES E-LOG	0,556	elsevier
9	0041-1655	TRANSPORT SCI	0,491	título no suscrito
10	0969-6997	J AIR TRANSP MANAG	0,438	elsevier

Ademais, podemos observar que, no reparto por cuartís, o Consorcio garante o acceso ós 3 títulos posibles do primeiro cuartil, e a 2 títulos dos 3 posibles no segundo cuartil.



Vexamos outro exemplo con maior volume de títulos, “Ciencias y tecnología de la computación” unha área na que podemos atopar 423 títulos de interese segundo JCR, e na que o Consorcio da cobertura a 213, é dicir, o 50,35% das revistas.

Aquí, dos 10 títulos máis relevantes, 6 están subscritos.

10 títulos con mayor factor de impacto. Suscritos: 6

	Issn	Título	Factor de impacto	Suscrito
1	0360-0300	ACM COMPUT SURV	7,500	título no suscrito
2	1367-4803	BIOINFORMATICS	6,701	título no suscrito
3	1066-5277	J COMPUT BIOL	4,600	título no suscrito
4	1066-8888	VLOB J	4,545	springer
5	1361-8415	MED IMAGE ANAL	4,442	elsevier
6	0924-1868	USER MODEL USER-ADAP	4,381	kluwer
7	1532-4435	J MACH LEARN RES	4,317	título no suscrito
8	0890-8044	IEEE NETWORK	3,871	ieee
9	0162-8828	IEEE T PATTERN ANAL	3,823	ieee
10	0278-0062	IEEE T MED IMAGING	3,755	ieee


De estes 10 primeiros no estudo incluímos unha breve información contida en Ulrich's e un enlace [\[+\]](#) á ficha de esa revista, coa intención de subministrar máis detalles de cara a unha posíbel contratación.

Web	Editor	Precio
[+]	Association for Computing Machinery, Inc.	USD 217 combined subscription per year foreign to non-members Print & Online Eds.(USD 56 combined)
[+]	Oxford University Press	GBP 120, USD 1304 combined subscription per year to institutions Print & Online Eds.
[+]	Mary Ann Liebert, Inc. Publishers	USD 1245 combined subscription per year foreign to institutions Print & Online Eds.
[+]	Springer-Verlag	EUR 588 combined subscription per year to institutions Print & Online Eds.
[+]	Elsevier BV, North-Holland	EUR 1096 subscription per year in Europe to institutions
[+]	Pergamon	EUR 1268 subscription per year in Europe to institutions
[+]	MIT Press	USD 438 subscription per year elsewhere to institutions
[+]	Kluwer Academic Publishers	EUR 578, USD 688, GBP 365 combined subscription per year to institutions Print & Online Eds.
[+]	Pergamon	EUR 1360 subscription per year in Europe to institutions
[+]	Institute of Electrical and Electronics Engineers, Inc.	USD 690 subscription per year

Podemos así chegar directamente á información dos xornais máis relevantes non suscritos podendo ver que, por exemplo, "(1367-4803) *Bioinformatics*" é unha revista publicada por "Oxford University Press", cun custe aproximado de contratación de "USD 1,904 combined subscription per year to institutions Print & Online" e a URL "<http://bioinformatics.oupjournals.org/>" entre outros.


Analizando a cobertura da área, podemos ver o número de títulos suscritos por cuartís, podendo ver que dos 106 títulos do primeiro cuartil, a priori os máis relevantes segundo o FI, o Consorcio garante o acceso a 61.

	Suscritas	No suscritas	Total	% Suscritas
[7,500 - 1,181]	61	45	106	57,55%
[1,181 - 0,703]	62	43	105	59,05%
[0,703 - 0,422]	63	43	106	59,43%
[0,422 - 0,000]	27	79	106	25,47%
	213	210	423	50,35%



Non se debe pasar por alto o dato de que a meirande parte dos 213 títulos que nesta área se ofrecen a través de Bugalicia, pódense consultar a través da plataforma ScienceDirect de Elsevier, concretamente o 48,36%, seguido pola colección de IEEE cun 22,54%. O que nos da unha idea da relevancia de estas coleccións nesta área.

EDITOR	TIT. SUSCRITOS	% EDIT-SUSC
Elsevier	103	48,36%
Wiley	20	9,39%
Springer	26	12,21%
Kluwer	16	7,51%
Jstor	0	0,00%
iee	48	22,54%
Biomed	0	0,00%
Nature	0	0,00%
Science	0	0,00%
Total	213	
Editores disponibles:		5



3.3. ANÁLISE BIBLIOMÉTRICA DA PRODUCCIÓN CIENTÍFICA

No noso empeño por analizar a nosa colección, o seguinte paso foi quere estudar as liñas de investigación das universidades galegas.

Deste xeito, en xuño do 2004 asinouse un convenio de colaboración coa Universidade de Granada para a elaboración dun informe de indicadores científicos de Galicia, que será publicado no primeiro semestre do 2005 e analizará a produción científica da nosa Comunidade Autónoma ata o ano 2003 .

A publicación deste informe realizarase no segundo trimestre do 2005 e será editada pola Consellería de Industria, Innovación e Desenvolvemento.

3.4. A DIFUSIÓN DOS RECURSOS: A WEB DE BUGALICIA

O incremento espectacular do número de recursos electrónicos que o Consorcio contratou ó longo do ano 2004, así como a necesidade de novas seccións, levou consigo un redeseño da nosa web e un novo plantexamento do formato no que se estaban a amosar os recursos na web.

A web de Bugalicia pensada como ferramenta de información, adaptou considerablemente a súa interface, en prol de un mellor aproveitamento da pantalla do navegador e empregando menús despregables máis intuitivos e xerárquicos.





A presentación desta nova interface levouse a cabo a mediados de maio de 2004, cunha boa aceptación entre os usuarios.

Novas formas de buscas ós recursos, por título, editor, materia, e unha información auxiliar máis completa fan da nova interface un punto de acceso complementario para os investigadores propios de cada universidade.


Asemade, novas seccións xurdiron este ano a de Estudos, na que se inclúen tódolos estudos recollidos ó longo desta memoria.

Unha constante actualización dos datos por parte do persoal do Consorcio e unhas pantallas de visualización máis claras fan da presentación de datos estatísticos unha eficaz ferramenta de avaliación de uso dos recursos.



Tamén este ano xurdiu unha nova iniciativa pola que o Consorcio procura a divulgación de novas relevantes relativas ó ámbito da investigación en Galicia.

Este proceso implica unha selección e actualización diaria de novas procedentes de diversos xornais no eido local, permitindo unha posterior busca e recuperación por data ou contido.



A adaptación da imaxe do portal de acceso a Bugalicia reflectiuse do mesmo xeito noutras ferramentas web do Consorcio, tales como a súa intranet local ou os catálogos, tanto o de recursos electrónicos, como o do Centros Tecnolóxicos.



4. SERVICIO DE APOIO ÁS TIC NAS BIBLIOTECAS

Neste apartado, unha vez máis, a colaboración entre as tres universidades galegas contribuíu a poñer en marcha proxectos conxuntos e de especial interese ás tres bibliotecas universitarias.

4.1. COLABORACIÓN NA EXPLOTACIÓN DOS SISTEMAS DE XESTION DAS TRES BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS

O soporte técnico de Bugalicia, estivo centrado este ano en:

- A explotación dos sistema Millennium na USC e a participación na posta en marcha de Millennium na UDC.
- A adquisición e configuración dun novo servidor que alberga o sistema de xestión de bibliotecas da Universidade de Vigo.
- A colaboración na elaboración da web do catálogo da Universidade de Vigo.
- A elaboración dun catálogo de recursos electrónicos.
- Estudo do mercado para a adquisición dun produto de xestión de recursos de información.
- A actualización do ficheiro de traduccions ó galego de Millennium, común ós opacs das tres universidades galegas

4.1.1. SOPORTE TECNICO Á UNIVERSIDADE DE CORUÑA

O ano 2004 para a Biblioteca universitaria de A Coruña foi o ano de posta en marcha da implementación do sistema Millennium, deste xeito no mes de febreiro levouse a cabo a reunión do arranque do proxecto e o establecemento do calendario do mesmo.

Do mes de marzo a xullo colaborouse coa biblioteca universitaria na creación do perfil da base de datos, o estudo da migración de datos e formación na Estación de Catalogación "Guicat".

A partires do mes de setembro e ata decembro a colaboración baseouse no traballo cos parámetros e o módulo de Circulación, e a axuda nas posibilidades de creación do manual de procedemento. Ademais formouse en distintas opcións xerais do sistema, nas novas

opcións ofrecidas coa versión Silver, instalada no verán, e na catalogación Millennium.

4.1.2. SOPORTE TECNICO Á UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

Ó longo do ano 2004 ó proceso de implementación do sistema Millennium comezado no 2003 seguiu o seu curso natural, co fin da implantación da Circulación e o módulo de Publicacións Seriadadas, e tendo como conclusión a apertura do opac no mes de abril.

O apoio por parte do Consorcio continuou ó longo do ano 2004 na resolución e axuda de dúbidas xurdidas a consecuencia do traballo diario co novo sistema de xestión, así como doutras opcións do mantemento do sistema máis avanzadas non vistas anteriormente.

Co cambio de versión a Millennium Silver na USC, Bugalicia realizou uns novos manuais dos diferentes módulos e realizou unhas xornadas de traballo para dar a coñecer os cambios desta actualización.

4.1.3. SOPORTE TECNICO Á UNIVERSIDADE DE VIGO

Como colaboración coa Universidade de Vigo, no ano 2004 leváronse a cabo tarefas habituais de administración do servidor que alberga o sistema Innopac Millennium.

Asemade, debido o cambio de versión a Millennium Silver, o servidor que ata o momento se estaba a empregar, resultaba tecnicamente insuficiente polo que se fixo unha comparativa de ofertas de diferentes modelos para a adquisición dun novo servidor.

Finalmente escolleuse o máis adecuado para garantir o correcto funcionamento e as posibilidades de ampliación dos novos módulos e funcionalidades do catálogo, coas seguintes características principais:

- Servidor SUN FIRE V880:

- 2 procesadores Ultra SPARC III a 1,05 Ghz con 8 Mb de cache externa.
- 4 Gb de memoria RAM DIMM
- Almacenamento: 6 Discos duros FC-AL 73 Gb 10 Krpm (Ampliables)
- Unidade DVD-ROM SCSI 10X
- Dos interfaces Ethernet:
 - 10/100/1000 Base T
 - 10/100 Base T
- Unidade de back-up interno 20/40 Gb 4 mm.
- Fontes de alimentación redundantes.
- Sistema operativo Solaris 8 Server.

Trala instalación e configuración do novo sistema, tendo en conta todas as especificacións técnicas sobre seguridade e flexibilidade, Innovative Interfaces levou a cabo a instalación da aplicación e a migración de datos coa colaboración do persoal técnico do Consorcio de Bibliotecas.

Asemade durante o ano 2004 desenvolvéronse as pantallas que conforman a interface de busca do catálogo da biblioteca, coñecido dende ese momento como "**Perseo**" (Provisión **en-liña** de **registros** e **servizos bibliográficos**).



Coa supervisión do Director da biblioteca e a responsable de proceso técnico acordouse cambiar completamente o deseño da web dándolle formato máis intuitivo. Primou ante todo a simplicidade no

deseño para optimizar a velocidade no funcionamento e cumprindo cos estándares para unha correcta visualización en todo tipo de navegadores.

Mantivéronse as funcionalidades existentes ata o momento e ampliáronse os servizos ofertados cunha interface para a busca de teses doutorais e un apartado específico para recursos electrónicos.

Tamén se activou a área autenticada de usuario, co fin de que estes poidan renovar exemplares, gardar as buscas preferidas, etc.

4.1.4. CATALOGACIÓN DOS RECURSOS ELECTRÓNICOS CONTRATADOS A TRAVÉS DO CONSORCIO

A creación do catálogo de recursos electrónicos xurdiu co obxectivo de por a disposición das bibliotecas universitarias, en concreto, e dos usuarios de Bugalicia en xeral os rexistros catalogados dos recursos contratados conxuntamente dende o Consorcio.

Para o almacenamento destes recursos empregouse e parametrizouse unha base de datos cun perfil adecuado para os diferentes tipos de rexistros adquiridos: as revistas electrónicas (6.764), as bases de datos (37) e os ebooks catalogados (88).


O total das revistas electrónicas incluídas no catálogo no 2004, podemos dividilo por editores:

ACS: 34	IEL: 216	SCIENCE: 1
BIOMED: 129	JSTOR: 475	SPRINGER: 415
BLACKWELL: 669	KLUWER: 157	WILEY: 435
BSP: 3395	NATURE: 1	
ELSEVIER: 555	PCI: 283	

A creación da web para a consultas destes recursos foi outra das tarefas levadas a cabo neste proxecto.

A URL do catálogo:

<http://catalogo.bugalicia.org/>



O catálogo permite buscar no total dos recursos (revistas, bases de datos e libros electrónicos) ou ben de maneira diferenciada por cada un dos tipos de recursos, así como dentro de cada unha de estas seccións permite seleccionar entre tres tipos de busca: básica, avanzada e asistida.

4.2. ESTUDO DO MERCADO DOS XESTORES DE RECURSOS ELECTRÓNICOS

Bugalicia ten como principal obxectivo favorecer a produción científica en Galicia, poñendo a disposición dos investigadores universitarios un amplo número de recursos de información electrónica e as ferramentas necesarias para axilizar a súa consulta.

Como resultado das novas contratacións de revistas electrónicas, xérase un listado de máis de 18.000 recursos individuais entre bases de datos referenciais, libros electrónicos, revistas electrónicas, standards e proceedings. A xestión dunha colección tan ampla, convértese polo tanto nunha tarefa laboriosa, delicada e de revisión constante.

O aspecto máis importante para converter en rendibles os recursos electrónicos é o de permitir un acceso transparente e sinxelo ós mesmos.

Debido á gran cantidade de recursos que ofrecen ós usuarios tanto para cada unha das bibliotecas universitarias galegas, como para o Consorcio, converteuse en imprescindible unha ferramenta que axude ós responsables desta área a presentar, xestionar e analizar ditos recursos.

O xestor de recursos é un portal bibliotecario, unha forma doada para que os usuarios poidan atopar e usar os recursos electrónicos relacionados coa súa área de interese e buscar simultaneamente a través dunha gama de recursos diversos.

Normalmente permiten que as bibliotecas poidan listar bases de datos por categorías e facer buscas cruzadas en máis dunha base de datos ó mesmo tempo.

Calquera destes produtos pódenos ofrecer algunhas das seguintes funcionalidades:

- Busca integrada en varios recursos ó mesmo tempo.
- Desduplicidade na presentación de resultados.
- Acceso a recursos multiformato, Http, Z39.50, SLMM, etc.
- Clasificación dos recursos en coleccións virtuais.
- Control de acceso de usuarios ós recursos.
- Posibilidade de crear coleccións dixitais para a biblioteca con teses, imaxes, fotos, mapas, etc.
- Estatísticas propias do xestor de recursos.
- Administración da lista de recursos con plantillas.
- Integración co web Opac.
- Propostas alternativas ó texto completo se as houbera.
- Identificación e redireccionamento ó recurso a través dun proxy para usuarios que non se atopen na súa universidade.
- Etc.

Pola súa capacidade de traballo podemos diferenciar dous tipos de ferramentas, as que “presentan os recursos” e as que “integran os recursos”. Estas ferramentas diferéncianse entre elas polas funcionalidades que aportan a administradores e usuarios.

A busca integrada consiste en transformar unha consulta e difundila a un grupo de recursos electrónicos dispaes cunha sintaxe adecuada, fusionando os resultados obtidos, presentándoos nun formato conciso e unificado coa mínima duplicidade, e permitindo ós usuarios ordenar ou clasificar o resultado fusionado de acordo a varios criterios.

No ano 2004 Bugalicia organizou varias presentacións técnicas para a avaliación de tres xestores de recursos:

- 27 de maio de 2004, Encompass e Lfp, da empresa Endeavour (Elsevier).
- 8 de xuño de 2004, Metalib e Sfx, da empresa Exlibris (Greendata).
- 29 de xullo de 2004, Metafind e Map, da empresa Innovative Interfaces.

Calquera dos xestores de recursos avaliados son ferramentas moi potentes, que proporcionan servizos de busca integrada exhaustivos e de alta calidade. Aseméllanse en gran medida uns a outros dende o punto de vista funcional, a pesar de desenvolver as mesmas operativas dun xeito tecnicamente diferente.

5. SERVICIOS DE APOIO Á FORMACIÓN CONTINUADA DO PERSOAL BIBLIOTECARIO GALEGO

5.1. ORGANIZAR CURSOS DE FORMACIÓN DOS RECURSOS ELECTRÓNICOS CONTRATADOS

Organizáronse ó longo do primeiro semestre do ano, varios cursos de formación impartidos por persoal das empresas subministradoras dos recursos electrónicos contratados polo Consorcio, que se distribuíron lo longo do 2004 do seguinte xeito:

febreiro 2004:

9 de febreiro	10 de febreiro	11 de febreiro	12 de febreiro	13 de febreiro
	DOC6 na sede do Consorcio de Bibliotecas			
16 de febreiro	17 de febreiro	18 de febreiro	19 de febreiro	20 de febreiro
			EBSCO na Universidade de Santiago	

marzo 2004:

15 de marzo	16 de marzo	17 de marzo	18 de marzo	19 de marzo
SCIENCE no Consorcio de Bibliotecas	INFORMA na Universidade de Vigo			
22 de marzo	23 de marzo	24 de marzo	25 de marzo	26 de marzo
ISI na Universidade de Santiago	ISI na Universidade de A Coruña		KLUWER no Consorcio de Bibliotecas	
29 de marzo	30 de marzo	31 de marzo		
		INFORMA na Universidade de A Coruña		

abril 2004

12 de abril	13 de abril	14 de abril	15 de abril	16 de abril
		INFORMA na Universidade de Santiago		
19 de abril	20 de abril	21 de abril	22 de abril	23 de abril
	EBSCO na Universidade de A Coruña	EBSCO na Universidade de Santiago	EBSCO na Universidade de Vigo	
26 de abril	27 de abril	28 de abril	29 de abril	30 de abril
ELSEVIER na Universidade de A Coruña	ELSEVIER na Universidade de Santiago	ELSEVIER na Universidade de Vigo		

maio 2004

24 de maio	25 de maio	26 de maio	27 de maio	28 de maio
		PROQUEST na Universidade de A Coruña	PROQUEST na Universidade de Santiago	PROQUEST na Universidade de Vigo

xuño 2004

9 de xuño	10 de xuño	11 de xuño	12 de xuño	13 de xuño
		SPRINGER na Universidade de A Coruña	SPRINGER na Universidade de Santiago	SRPINGER na Universidade de Vigo

5.2. ORGANIZAR CURSOS ESPECÍFICOS DE ESPECIAL INTERESE PARA OS PROFESIONAIS DAS BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS

CURSO DE "METODOLOXÍA PARA A REALIZACIÓN DE ESTUDOS MÉTRICOS DE INFORMACIÓN"

Impartido por D. Elías Sanz Casado e Dna. M^ª José Lacurain Sánchez os días 11, 12 e 13 de febreiro de 2004.

Asistentes: 15 persoas. Presencial

Programa do curso:

TEMA 1 : OS ESTUDOS MÉTRICOS DA INFORMACIÓN E A ACTIVIDADE CIENTÍFICA: CONCEPTOS BÁSICOS

- 1.1. A ciencia e a actividade investigadora
- 1.2. Características que presenta a xeración e difusión do coñecemento científico.
- 1.3. Avaliación da actividade investigadora
- 1.4. Estudos métricos de información. Definición e obxectivos.
- 1.5. A documentación científica e as leis bibliométricas
 - 1.5.1. Crecemento exponencial da documentación científica.
 - 1.5.2. Avellentamento da documentación.
 - 1.5.3. Dispersión da literatura científica.
 - 1.5.4. Produtividade dos investigadores.

TEMA 2 : FONTES DE INFORMACIÓN CON INTERESE PARA A REALIZACIÓN DE ESTUDOS BIBLIOMÉTRICOS

- 2.1. Fontes primarias.
- 2.2. Fontes secundarias.
- 2.3. Enquisas e entrevistas.

TEMA 3.- CITACIÓNS E REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS: ESTUDOS DE IMPACTO OU DE VISIBILIDADE

- 3.1. Concepto de citación e referencia.
- 3.2. Cocitación e co-referencia
- 3.3. Concepto de calidade, visibilidade e impacto.
- 3.4. Análise de citacións.
- 3.5. Factor de impacto.
- 3.6. Índice de inmediatez.
- 3.7. Índice de Influencia das fontes

TEMA 4 : TÉCNICAS MÉTRICAS APLICADAS Á AVALIACIÓN

- 4.1. Avaliación mediante indicadores
- 4.2. Definición e características dos indicadores
- 4.3. Tipos de indicadores
 - 4.3.1. Indicadores unidimensionais.
 - 4.3.2. Indicadores multidimensionais.

TEMA 5.- APLICACIÓN DOS ESTUDOS MÉTRICOS DA INFORMACIÓN.

- 5.1. Avaliación de campos de investigación.
- 5.2. Avaliación de institucións e grupos científicos.
- 5.3. Procesos de transferencia ciencia-tecnoloxía.
- 5.4. Nos estudos de usuarios e na xestión de centros de información.

CURSO DE "XESTIÓN DA INFORMACIÓN ELECTRÓNICA"

Curso coeditado por Planificación y Programación PAS de la USC.

Impartido por D. Félix de Moya y Anegón os días 21 e 22 de setembro de 2004.

Asistentes: 93 a través de videoconferencia.

Programa do curso:

1. O mercado da información electrónica e a evolución dos produtos
2. Selección e adquisición de recursos (Proceso de negociación de licencias: Custes e prezos das publicacións electrónicas)
3. Control e acceso bibliográfico (Acceso por parte dos usuarios)
4. Xestión da colección
5. Dereitos de autor (Xestión de dereitos dixitais. Licencias)
6. Tendencias de futuro

6. COLABORACIÓN NOUTRAS INICIATIVAS DE COOPERACIÓN BIBLIOTECARIA

Ímonos centrar, pola súa especial relevancia no 2004, na colaboración coa Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, na elaboración do catálogo colectivo da Rede de Centros Tecnolóxicos de Galicia e, xa por último, na colaboración co Grupo Español de Usuarios de Innopac, do que Bugalicia forma parte de seu Comité Directivo.

6.1. COLABORACIÓN COA CONSELLERÍA DE CULTURA NO SEU PROXECTO DA POSTA EN MARCHA DA REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA

Recollida no Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo e Bugalicia para a coordinación do proxecto de incorporación das bibliotecas públicas a un sistema multimedia de xestión bibliotecaria en rede.

As tarefas levadas a cabo polo Consorcio foron:

Coordinar e planificar tódalas accións emprendidas para a posta en marcha do proxecto, así como dirixir e coordinar as tarefas do persoal contratado pola Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo para levar a cabo a futura administración do sistema.

O Consorcio comprometeuse a formar ás tres persoas contratadas, co fin de que a finais do 2004 estiveran en disposición de poder afrontar por eles mesmos o desenvolvemento do proxecto.

Formar no sistema Millennium. Levouse a cabo unha planificación da formación para o equipo de traballo da Rede de Bibliotecas de Galicia baseada en diferentes módulos do sistema: mantemento do sistema, módulo de catalogación, módulo de circulación e no entorno web de Millennium

O persoal bibliotecario da Rede recibiu unha formación intensiva de dos meses nestes módulos. O primeiro mes dedicado ó módulo de Administración do Sistema e Catalogación e o segundo mes ó módulo

de Circulación. A formación foi impartida pola bibliotecaria do Sistema de Bugalicia.

O persoal informático da Rede recibiu a formación no Opac Web do Sistema impartida polo responsable dos sistemas de Bugalicia e asemade contou coa colaboración da enxeñeira informática de Bugalicia, suxeita o Plan Labora, para o tratamento dos diferentes ficheiros entregados polas bibliotecas anterior á migración dos rexistros no sistema.

Configurar e poñer en marcha o módulo de circulación foi outra das tarefas importantes na colaboración do Consorcio.

Soporte técnico para administrar o sistema de xestión Millennium e o servidor que o alberga.

Desenvolvemento do Catálogo dos rapaces, por parte do responsable de sistemas de Bugalicia, creando unha interfaz visual moi gráfica e fácil de empregar, orientada ó seu uso polos rapaces máis novos.



6.2. COLABORACIÓN NA POSTA EN MARCHA DO CATÁLOGO COLECTIVO DOS CENTROS TECNOLÓXICOS DE GALICIA.

Bugalicia pon en marcha no ano 2004 un novo proxecto de creación dun catálogo colectivo cos fondos dos Centros Tecnolóxicos galegos, proxecto que nace en cooperación co Centro de Supercomputación de Galicia.

A primeira parte do proxecto baseouse na creación dunha base de datos que albergaría, ademais de outras coleccións do Consorcio, os rexistros dos Centros Tecnolóxicos. Realizouse a creación do perfil da base de datos tendo en conta os campos e índices necesarios para a recuperación de datos de ditos rexistros.

A segunda etapa deste proxecto foi a formación ós Centros na aplicación "Guicat" ou Estación de Catalogación, integrada no sistema de xestión bibliotecaria Millennium:

- Con data de 24 de marzo de 2004, levouse a cabo un primeiro curso para o Centro de Supercomputación de Galicia.
- O 2 de xuño de 2004, foron seis os centros que asistiron: AIMEN, CETMAR, CISGALICIA, CISMADERA, CTAG, DXID.
- O 29 de setembro, acudiron CETGA, CISMADERA, CTAG.

Algúns destes Centros acudiron máis dunha vez ós cursos, débese a que foron distintas persoas dun mesmo centro as que asistiron á formación.

Para impartir as formacións fíxose o manual "Guicat_Centros tecnolóxicos", que xa se viu reformado en diversas versións co fin de adaptarse as situacións e os casos dalgúns dos Centros Tecnolóxicos participantes, pasando da súa versión inicial á catro, e servindo de instrumento moi útil de incorporación dos rexistros ó catálogo.

A terceira fase deste proxecto é a consolidación deste catálogo colectivo, que trae consigo a avaliación dos rexistros que se incorporan o catálogo.

As revisións lévanse a cabo co fin de manter unha coherencia no catálogo, facilitar o bo funcionamento do mesmo, así como para evitar futuros erros e colaborar na aprendizaxe dos bibliotecarios ou persoal dos Centros. Despois de cada revisión envíanse os erros coas respostas a cada Centro de maneira individualizada e ademais ofréceneselles tamén servizo de asistencia técnica por teléfono, a través do correo electrónico ou empregando a lista de distribución creada para tal fin.

Neste momento son 6 os Centros que están traballando na base de datos e que xa teñen parte do seu fondo incluída no catálogo:

CESGA: Centro de Supercomputación de Galicia. 259 bibliográficos, 268 exemplares.

CIS: Centro de Innovación e Servizos de Galicia. 494 bibliográficos, 528 exemplares.

CISMADERA: Centro de Innovación e Servizos tecnolóxicos da Madeira. 124 bibliográficos, 145 exemplares.

AIMEN: Centro Tecnolóxico Armando Priegue. 284 bibliográficos, 321 exemplares.

CETGA: Centro Tecnolóxico de Acuicultura. 47 bibliográficos, 63 exemplares.

CETMAR: Centro Tecnolóxico do mar. 118 bibliográficos, 126 exemplares.

Por outra banda, os centros que aínda non comezaron a inclusión dos seus rexistros no catálogo, son os seguintes:

CTAUTOMOCIÓN: Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia.

ANFACO: Centro Tecnolóxico Nacional de Conservación de Productos de Pesca.

INSTCERAMICA: Instituto de Cerámica.

INSTELECTRONICA: Instituto de Electrónica Aplicada Pedro Barrié de la Maza.

DXID: Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento.

ANFACO, empezará o seu traballo no catálogo en breve xa que ten programada unha formación para principios do ano 2005.

Paralelamente a estas fases máis bibliotecarias do proxecto, levouse a cabo a creación dunha web do Catálogo Colectivo do Centros Tecnolóxicos de Galicia que permite a consulta independente dos seus rexistros, para o cal foi preciso a configuración dun "scope" ou vista parcial para a recuperación única dos rexistros dos Centros Tecnolóxicos de Galicia.

A Url de acceso ó catálogo:

<http://cct.bugalicia.org>


Pantalla da busca asistida:



6.3. COLABORACIÓN CO GRUPO ESPAÑOL DE USUARIOS DE INNOPAC (GEUIN) COMO MEMBROS DO COMITÉ DIRECTIVO

Bugalicia como Secretaría do Comité Directivo do Grupo Español de Usuarios de Innopac (GEUIN) durante o ano 2004, continuou levando a cabo a tarefa de mantemento e administración do portal web do grupo de usuarios. Neste novo período xurdiron novas necesidades:

- Actualizar parte da interface.
- Creación de páxinas para a actualización de datos de usuarios.
- Creación de páxinas para a actualización de datos de institucións.
- Creación de páxinas para a actualización de datos dos servidores Z39.50.
- Creación de novas listas de distribución de correo electrónico para o persoal directivo.
- Mantemento de datos das institucións.
- Mantemento de datos de configuración de servidores Z39.50
- Carga de novas versións dos programas de Innovative actualizados.



Deste xeito, e durante a “III Asamblea General Ordinaria”, o responsable de sistemas do Consorcio levou a cabo a presentación da web coa finalidade de achegar a nova interface ós usuarios e promover deste xeito a participación e desenvolvemento da mesma.

Así mesmo o Consorcio de Bibliotecas tomou a iniciativa de crear novos manuais de usuario e poñelos á disposición dos usuarios a través da páxina web.

Descripción	Archivo
CBUG - Manual Catalogación Guicat	Cat_Manual_Abreviado.doc
Funciones Guicat VS Milcat	Funciones_GuicatVSMilcat.doc
silver_millennium_general	Silver_millennium_general.zip
silver_management	Silver_management.zip
silver_system	Silver_system.zip
Silver_cataloguing	Silver_cataloguing.doc
Silver_circulation	Silver_circulation.doc

Os manuais, referentes á nova versión “Silver” tiveron gran aceptación entre as institucións membro do grupo de usuarios e o Consorcio recibiu moitos agradecementos pola xenerosidade á hora de compartir os manuais co resto do grupo de usuarios.

ANEXOS

EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO 2004

O orzamento de Bugalicia para o ano 2004, aprobado polo Consello de Goberno con data dezanove de decembro de 2003, ascendeu a **1.873.249,81 €**. Este orzamento inicial vese incrementado ó longo do 2004 da seguinte maneira:

- Na reunión do Consello de Goberno con data vintetrés de abril de 2003 apróbase a incorporación do remanente do ano 2003 ó exercicio do 2004 sendo finalmente este remanente de **363.474,19 €**, despois de ter en conta tanto os gastos como os ingresos financeiros do devandito exercicio. Este remanente distribúese da seguinte maneira no orzamento do 2004:

Total remanente 2003	363.474,19 €
A Gastos correntes do 2004	44.480,93 €
A Inversións do 2004	318.993,26 €

- Incorpóranse tamén **15.673,94 €** ós gastos correntes do 2004, cantidade que se corresponde coa parte da aportación da Consellería de Cultura Comunicación Social e Turismo pola colaboración de Bugalicia co desenvolvemento da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia.
- Ó orzamento final hai que restarlle **220,30 €** como diferenza entre a cantidade inicialmente orzada para o Convenio de Colaboración entre Bugalicia e a Universidade de Vigo para o mantemento do software INNOPAC e a cantidade finalmente establecida no devandito Convenio



Deste xeito o orzamento real finalmente establecido para o ano 2004 unha vez incorporadas estas modificacións foi de **2.252.177,64 €**


EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2004.

GASTOS

A cifra de gastos orzada foi de **2.252.177,64 €** quedando distribuído da seguinte maneira:

- Gastos correntes ou de mantemento: a cantidade orzada foi de **269.582,87 €** e a cifra de gastos reais de 251.241,97 €, polo que resulta un saldo positivo de 18.340,90 € .
- Inversións: a cantidade orzada foi de **1.982.594,77 €** e a cifra neste capítulo de gastos por inversións foi de 1.562.585,06 €, polo que se extrae tamén un saldo positivo de 420.009,71 € .





INGRESOS

A cifra de ingresos orzada finalmente foi de **2.252.177,64 €**, debido ós incrementos anteriormente citados .

A liquidación final do orzamento do 2004 é a que segue:

RESUMO ECONÓMICO ANO 2004

	ORZAMENTO	REAL
GASTOS	2.252.177,64 €	1.813.827,03 €
INGRESOS	2.252.177,64 €	2.252.177,64 €
DIFERENCIA POSITIVA		438.350,61 €


EXECUCIÓN ORZAMENTO CONSORCIO 2004

	ORZ. INIC.	ORZ. MODIF.	PREVISTO	EJECUTADO	DIF. ORZ-PREV
TRABALLOS REALIZADOS POR OUTRAS EMPRESAS	17.107,15 €	17.107,15 €	47.063,55 €	47.063,55 €	-29.956,40 €
REPARACIONES, CONSERVACION E MANTEMENTO	56.233,57 €	67.094,20 €	55.997,78 €	55.997,78 €	11.096,42 €
SERVICIOS DE PROFESIONAIS INDEPENDENTES	2.500,00 €	2.500,00 €	2.366,40 €	2.366,40 €	133,60 €
PRIMAS DE SEGUROS	400,00 €	400,00 €	388,51 €	388,51 €	11,49 €
SERVICIOS BANCARIOS Y SIMILARES	1.000,00 €	2.000,00 €	1.054,65 €	1.054,65 €	945,35 €
PUBLICIDADE E PROMOCION	1.700,00 €	6.700,00 €	1.585,72 €	1.585,72 €	5.114,28 €
REUNIONS E CONFERENCIAS	1.000,00 €	2.600,00 €	826,64 €	826,64 €	1.773,36 €
MATERIAL OFICINA	2.000,00 €	2.800,00 €	1.784,12 €	1.784,12 €	1.015,88 €
PRENSA, REVISTAS,LIBROS E PUBLIC	1.000,00 €	1.000,00 €	500,99 €	500,99 €	499,01 €
GASTOS NON DIFERENCIADOS	500,00 €	1.500,00 €	572,78 €	572,78 €	927,22 €
SUMINISTROS.COMUNICACIONES	2.500,00 €	4.000,00 €	2.363,84 €	2.363,84 €	1.636,16 €
COMUNICACIONES:CORREOS,MENSAXEIROS,TRANSPORTE	2.000,00 €	5.000,00 €	3.050,54 €	3.050,54 €	1.949,46 €
GASTOS VIAXES	3.000,00 €	6.000,00 €	4.244,39 €	4.244,39 €	1.755,61 €
SOLDOS E SALARIOS	87.371,34 €	106.045,28 €	97.144,84 €	97.144,84 €	8.900,44 €
SEGURIDADE SOCIAL	26.536,24 €	29.536,24 €	25.994,06 €	25.994,06 €	3.542,18 €
FORMACION E PERFECCIONAMENTO DO PERSOAL	4.800,00 €	15.300,00 €	6.303,16 €	6.303,16 €	8.996,84 €
TOTAL GASTOS CORRENTES	209.648,30 €	269.582,87 €	251.241,97 €	251.241,97 €	18.340,90 €
	ORZ. INIC.	ORZ. MODIF.	PREVISTO	EJECUTADO	DIF. ORZ-PREV
INMOVILIZADO INMATERIAL	1.645.331,69 €	1.719.324,96 €	1.352.665,06 €	1.352.665,96 €	366.659,90 €
INMOVILIZADO MATERIAL	18.269,82 €	263.269,81 €	209.920,00 €	209.920,00 €	53.349,81 €
TOTAL INVERSIONS	1.663.601,51 €	1.982.594,77 €	1.562.585,06 €	1.562.585,06 €	420.009,71 €
TOTAL GASTO 2004	1.873.249,81 €	2.252.177,64 €	1.813.827,03 €	1.813.827,03 €	438.350,61 €

COMPROMISOS DE GASTO CON CARGO A ORZAMENTOS DE EJERCICIOS POSTERIORES

Aparte do compromiso de gasto de carácter plurianual que fora suscrito no ano 2002 coa empresa Innovative Interfaces para a instalación do sistema Innopac Millennium, o Consorcio adquiriu cinco compromisos plurianuais máis con editores de revistas electrónicas para a contratación conxunta destes recursos para as universidades galegas, que son os seguintes:

- Elsevier: contrato de 3 anos (2004-2006).
- Kluwer: contrato de 3 anos (2004-2006).
- Springer: contrato a 3 anos (2004-2006).
- Wiley: contrato a 3 anos (2004-2006).
- JSTOR: contrato a 3 anos (2004-2006).



PERSOAL

O cadro de persoal de Bugalicia veuse incrementado no ano 2004 coa provisión dunha praza temporal de persoal administrativo do grupo III, tal e como acordouse na reunión do Consello de Goberno de Bugalicia do día 23 de abril do 2004.

Con datas 5 e 6 de xuño de 2004, convocouse a citada praza con publicidade nun diario de tirada nacional e noutro de tirada autonómica.

As probas de selección foron realizadas o día nove de xullo de 2004 e logo da valoración dos exames dos diferentes candidatos acordouse a contratación de Carmen María Balsa Breijo.

Cabe mencionar tamén neste apartado de persoal, que con data 12 de xuño de 2003 foille concedida a Bugalicia, unha subvención de 20.550,24 € para a contratación de dous diplomados en Biblioteconomía e Documentación ó abeiro do Plan Labora: Andrea Burillo Rodríguez e Berta Picado Redondo, que desenvolveron ó seu labor dende o mes de outubro de 2003 ata outubro de 2004, desenrolando as funcións propias da súa titulación.

No ano 2004, foi solicitada novamente a subvención do Plan Labora, esta vez para a contratación de dous licenciados, un deles en Documentación e outro en Informática, por importe de 25.259,04 €. As persoas contratadas foron Begoña Rodríguez Agoure como documentalista e Valme Cid Pozo como informática que comezaron ó seu labor en outubro de 2004.